

I Congreso Climántica sobre Respostas Educativas ao Cambio Climático

<http://congreso.climantica.org>

Pontevedra, 7 e 8 de maio de 2010
CENTRO SOCIAL CAIXANOVA - PONTEVEDRA



Finalidade:	Dar a coñecer as experiencias feitas pola comunidade educativa no proxecto Climántica e actualizar coñecementos sobre o cambio climático e sobre as metodoloxías para a súa comunicación.
Nivel, ciclo, área:	Todos os niveis.
Modalidade:	Xornadas.
Destinatarios:	• Todo o profesorado do ensino non universitario de Galicia. • Profesorado doutras comunidades autónomas e doutros países que traballan con Climántica, ou queiran dar a coñecer as súas experiencias educativas sobre o cambio climático.
Nº de prazas:	800: 700 reservadas para os que se inscriban a través da plataforma “fprofe” e 100 para os restantes. Se quedaran vacantes na inscrición de fprofe unha vez rematado os prazos que se establezan, acumularanse para o segundo colectivo.
Criterios de selección:	• Inscritos na plataforma “fprofe”: os criterios xerais do plan anual de formación do profesorado. • Resto de docentes: por rigoroso orde de recepción de solicitudes.
Lugar de celebración:	Auditorio do Centro Social Caixanova de Pontevedra.
Recepción de inscricións:	• Inscritos na plataforma “fprofe”: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Sistema de Xestión de Formación do Profesorado. http://www.edu.xunta.es/fprofe • Resto de docentes: a través da páxina web http://congreso.climantica.org
Data límite de inscrición:	• Docentes a quen lle certificará a asistencia a Consellería de Educación: ata o día 18 de abril. Código: X0902024. Área: Temas transversais. CFR: Servizos centrais. • Docentes a quen lle certificará a asistencia a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas: ata o día 20 de abril a través da páxina web http://congreso.climantica.org.
Duración:	12 horas.
Temporalización:	Venres 7 de maio de 2010 das 17:00 ás 21:00 horas. Sábado 8 de maio de 2010 das 10:00 ás 14:00 horas e das 15:30 as 19,30 horas.
Contidos:	• Modelos de Climántica: meteoroloxía escolar, edublogs, prácticas de laboratorio, dinámicas de grupos, ecoauditorías de carbono para reducir as emisións e reforestar, revistas electrónicas para comunicar o cambio climático. • Estratexias e técnicas de comunicación sobre o cambio climático. • Impactos e riscos do cambio climático. • Investigacións sobre mitigación e adaptación ao cambio climático. • Transversalidade, innovación, web 2.0 e ferramentas TIC para a educación sobre o cambio climático.

ACTIVIDADES

Venres 7 de maio

16:00 -17:00 h.

Acreditacións.

17:00-17:15 h.

Inauguración.

17:15-18:45 h.

Conferencia coloquio a cargo de **Manuel Campo Vidal**: Estratexias e técnicas para superar barreiras de comunicación do cambio climático.

18:45-19:00 h.

Pausa – café.

19:00-20:30 h.

Mesa redonda: Impactos e riscos do cambio climático.

- **Francisco Díaz- Fierros**: Impactos e riscos do cambio climático nos ecosistemas terrestres.
- **Xosé Antón Álvarez Salgado**: Impactos e riscos do cambio climático nos ecosistemas mariños.
- **Francisco Anguita**: Os impactos do clima na historia da Terra: extincións, radiacións, migracións.
- **Pablo Meira**: Barreiras para a comunicación social dos impactos e riscos do cambio climático.

20:30-21:00 h.

Relatorio: Unha visión alternativa da educación para o cambio climático.

21:00 h.

Canapés de final de xornada.

Sábado 8 de maio

10:00 -11:40 h.

Mesa redonda: Investigación para a mitigación e adaptación ao cambio climático.

- **Antonio Salas**: Investigacións da xenómica relacionadas coa adaptación aos cambios de clima.
- **Vicente Pérez**: Investigacións da meteoroloxía para os escenarios do cambio climático.
- **Bernardo Parajó**: Investigacións no ámbito da enerxía para a mitigación e a adaptación ao cambio climático.
- **Xabier Labandeira**: Investigacións sobre novas políticas para a mitigación e a adaptación ao cambio climático.

11:40-12:00 h.

Pausa – café.

12:00-14:00 h.

Mesa redonda: Experiencias en centros educativos modelos para a réplica.

14:00-15:30 h.

Comida.

15:30-17:30 h.

Presentación de comunicacións.

17:30-17:50 h.

Pausa – café.

17:50-19:30 h.

Mesa redonda: Respostas educativas ao cambio climático.

- **José Antonio Caride**: A Educación Ambiental nas perspectivas da innovación.
- **Ignacio Pozo**: Transversalidade na educación do século XXI.
- **Fernando Ojeda**: Importancia da web 2.0 na Educación Ambiental actual.
- **José Manuel Bouzán**: As TIC nas aulas.

POÑENTES:



Manuel Campo Vidal

É doutor en Socioloxía (Economía Aplicada) pola Universidade Complutense de Madrid, licenciado en Xornalismo pola Autónoma de Barcelona e enxeñeiro Técnico en Electrónica Industrial pola Politécnica de Cataluña. Desde Outubro de 2006 preside a Academia das Ciencias e as Artes de Televisión.



Francisco Díaz-Fierros

Catedrático de Edafoloxía e Química Agrícola na USC desde 1987, vicepresidente do Consello da Cultura Galega, académico numerario da Real Academia de Farmacia, Sección de Galicia e académico correspondente da Real Academia de Farmacia do Instituto de España. "Expert reviewer" no informe do IPCC Climate Change 2001: Impacts, Adpatation, and Vulnerability.



X. Antón Álvarez Salgado

Licenciado e Doutor en Química pola USC na especialidade de Oceanografía Química. Investigador contratado no Plymouth Marine Laboratory do Reino Unido e no Instituto de Investigacións Mariñas, profesor de cursos de posgrao, de extensión universitaria, de doutoramento e master da Universidade de Vigo e científico titular e investigador científico do Consello Superior de Investigacións Científicas.



Francisco Anguita

Profesor de Introducción á Xeoloxía e de Xeoloxía Planetaria da Univesidade Complutense de Madrid. Coordinou un Seminario de Ciencias Planetarias co alumnos de distintas Facultades de Ciencias, moitos deles hoxe prestixiosos científicos, e fundou a Asociación Española para o Ensino das Ciencias da Terra, que actualmente conta con máis de mil socios en España e Latinoamérica.



Pablo Meira

Profesor titular de Educación Ambiental na USC, coordinador do Proxecto Fénix de Avaliación da Estratexia Galega de Educación Ambiental, presidente da Sociedade Galega de Educación Ambiental e membro de honra da Academia Mexicana de Educación Ambiental.



Antonio Salas

Profesor da Unidade de Xenética do Departamento de Anatomía Patolóxica e Ciencias Forenses da Facultade de Medicina da USC e investigador Grupo de Investigación de Medicina Xenómica da Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago. Dende as súas liñas de investigación fixo interesantes apartacións sobre a base xenética da adaptación térmica e nos efectos do cambio climático sobre a estrutura xenética das poboacións.



Vicente Pérez

Subdirector Xeral de Investigación, Cambio Climático e Información Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, e director de Meteogalicia, Servizo Meteorolóxico de Galicia desde 1999.



Bernardo Parajó

Enxeñeiro Industrial pola Universidade Politécnica de Madrid, director xerente da Axencia de Enerxía de Vigo dende a súa fundación e profesor asociado no departamento de Enxeñería Eléctrica na ETS de Enxeñería Industrial da Universidade de Vigo.



Xabier Labandeira

Catedrático de economía aplicada da Universidade de Vigo, director da Cátedra Iberdrola de Investigación sobre economía do cambio climático na Fundación de Estudos de Economía Aplicada (FEDEA), master sc. en Economía ambiental e dos recursos naturais pola University College London (Reino Unido).



José Antonio Caride

Catedrático de Pedagogía social na Facultade de Ciencias da Educación da USC. Director do Grupo de Investigación “Pedagogía Social e Educación Ambiental” (SEPA-interea) e da Rede de Investigación en Educación e Formación para a Cidadanía e a Sociedade do Coñecemento (RINEF-CISOC). Desde 2002 preside a Sociedade Iberoamericana de Pedagogía Social (SIPS), da que é membro fundador.



Ignacio Pozo

Catedrático na Facultade de Psicoloxía da Universidade Autónoma de Madrid onde imparte materias relacionadas coa psicoloxía da aprendizaxe. As súas investigacións céntranse na aprendizaxe de conceptos e procedementos en diversas áreas do currículo e na forma de promover mellores estratexias de aprendizaxe en distintos niveis educativos.



José Manuel Bouzán

Enxeñeiro Técnico en Informática de Sistemas e mestre. Ex-asesor TIC da Consellería de Educación e, na actualidade traballa como mestre, secretario e coordinador do equipo de novas tecnoloxías do CEIP de Palmeira. É tamén coordinador e membro de diferentes seminarios permanentes relacionados co ámbito da aplicación das TIC á aula.



Fernando Ojeda

Doutor en Ciencias da Educación e licenciado en Ciencias Biolóxicas, é profesor de Secundaria e Bacharelato no Colexio da Presentación de Málaga. Forma parte do Grupo Transdisciplinar de Medio Ambiente da Universidade de Málaga, colabora con varios proxectos de investigación educativa coa Universidade de Granada e traballa con Ecotopía en formación e Educación Ambiental e coordina o proxecto online Ecourban.

OBSERVACIÓNS:

O profesorado que desexe desenvolver neste congreso unha presentación oral das súas experiencias de aula no marco da educación para o cambio climático, aterase ás seguintes especificacións:

- Exposición: entre 35 e 45 minutos.
- Debate: entre 15 e 20 minutos.

Prazo de presentación de comunicacións: ata o día 19 de abril de 2010.

Envío de comunicacións: <http://congreso.climantica.org>

Resolución das comunicacións admitidas: 26 de abril de 2010.

As comunicacións seleccionadas formarán parte dunha publicación co correspondente ISBN, que se realizará despois do congreso. Durante a fase de elaboración da maqueta, os autores deberán atender as modificacións de formato que o comité científico considere oportunas para adaptalas á liña da publicación.

Para calquera aclaración ou consulta adicional dirixirse a :

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
Servizo de Formación do Profesorado
Asesoría de Física e Química
Edf. Adm. San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar
15781 Santiago de Compostela (A Coruña)
Tlf.: 981 540 288 • Fax: 981 546 550
Correo electrónico: asesoria.fisicaquimica@edu.xunta.es

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas
Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe
Tlf: 981 541 754 / 981 541 789
Correo electrónico: climantica@climantica.org

Páxina web do congreso: <http://congreso.climantica.org>